



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso Monográfico Administración, Empresa e Urbanismo sustentable

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2015
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 06/11/2015 - 00:00h ao 26/11/2015 - 23:59h

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Proporcionar aos destinatarios unha visión ampla dos principais problemas urbanísticos, afondando e debatendo sobre as súas consecuencias sociais, ambientais, económicas e empresariais. Neste senso, co obxectivo de analizar a cuestión desde unha perspectiva global, contarase con expertos dos ámbitos académico, xudicial, administrativo, coa finalidade de que cada un deles achegue as súas experiencias e coñecementos, intentando entre todos propor posibles melloras que se poidan adoptar nas actuacións futuras de cara a obter un urbanismo sustentable desde todos os puntos de vista, sen esquecer o ámbito económico e empresarial.

DESTINATARIOS

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, das universidades do Sistema universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e interesados en xeral. Este curso valorarase con 0,10 puntos a aqueles/as alumnos/as que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen, de acordo coas Comunidades Autónomas, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Formación e Perfeccionamento da Administración Local, de conformidade co establecido na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994, da Resolución de 30 de novembro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública pola que se corrixen erros da Resolución de 26 de outubro de 1994, e conforme co establecido no Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios/as con habilitación de carácter estatal (DOG núm. 52, do 16 de marzo de 2009).

PROGRAMA

- A protección do litoral: a incidencia do Dereito da Unión Europea
- Panel de expertos: ordenación do territorio e sustentabilidade: unha perspectiva desde a actuación empresarial
- A ordenación do territorio, especial referencia ao caso de Galicia
- Ordenación do territorio e contención do consumo do solo
- Parámetros para o desenvolvemento dunha ordenación territorial sustentable: o equilibrio entre actividade empresarial e intereses socio-ambientais
- Responsabilidade social e sustentabilidade no ámbito urbanístico
- Actividade empresarial e urbanismo
- Panel de expertos: a intervención administrativa na actividade das empresas relacionadas co urbanismo e a ordenación do territorio
- Problemas de competencia no mercado do solo
- Actividade empresarial, fiscalidade e urbanismo
- Réxime laboral e urbanístico: seguridade e hixiene no traballo
- A participación cidadá no urbanismo: posibles respostas ás críticas desde as instancias europeas
- Panel de expertos: urbanismo e accións públicas

- A acción pública xudicial. Recursos administrativos e contencioso-administrativos contra licenzas urbanísticas
- Actuacións obstrucionistas á execución de sentenzas
- A acción pública ambiental e o control ambiental do uso do solo: a incidencia do Dereito da Unión
- A anulación do planeamento
- Panel de expertos: a incidencia da anulación do planeamento nos dereitos e intereses dos cidadáns
- A nulidade sobrevida de licenzas
- A responsabilidade patrimonial por anulación do planeamento
- O réxime de fóra de ordenación

CRITERIOS DE SELECCIÓN

non hai

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA	INICIO / FIN: 30/11/2015 a 01/12/2015
---	--

NUM. PRAZAS: 298	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	DATA EXAME:
-------------------------	--	--------------------

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA
